



A VECIÑANZA DE BÉRTOLA (VILABOA) TEN MOTIVOS PARA PREOCUPARSE

Mentres o conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, presenta o proxecto de subestación de “Red Eléctrica de España” en Bértola como unha obra moderna “coas máximas garantías de seguridade”, esquécese no debate de que:

Na derradeira actualización do [Informe internacional Bioinitiative](#) (2007-2012), revisión bibliográfica de máis de 3.800 estudos científicos, considérase que, cos parámetros da OMS e coa evidencia actual, os campos electromagnéticos das liñas de alta tensión, subestacións, transformadores, ... (recoñecidos pola OMS no 2001 como posíbeis carcinóxenos para a especie humana -Grupo 2b-) **débense clasificar xa como carcinóxeno humano**, aconsellando límites de exposición **mil veces inferiores aos marcados pola lexislación actual**.

A Axencia Europea de Medio Ambiente aconsella dende 2007 ao Parlamento Europeo e a Asemblea Parlamentar do Consello de Europa atender ao criterio do **Principio de Precaución** nos emisores de campos electromagnéticos, en base ao citado Informe BioInitiative.

A [Resolución 1815 da Asemblea Parlamentar \(AP\) do Consello de Europa de 2011](#) recomenda aos estados membros, entre outras cousas, aplicar xa o **Principio de Precaución baixando os límites de exposición aos campos electromagnéticos actuais ao nivel máis baixo razoabelmente posíbel**, atendendo aos efectos biolóxicos non contemplados actualmente na nosa lexislación.

O [Colexio Oficial de Biólogos de Galicia](#) (2012) entende que hai indicios máis que fundados para que se aplique o principio de proporcionalidade e precaución sinalado pola Lei 33/2011 Xeral de Saúde Pública, de 4 de outubro, na exposición aos campos electromagnéticos, especialmente na poboación infantil pola súa maior vulnerabilidade e indefensión.

Se a existencia de estudos epidemiolóxicos que relacionan enfermidades (como o cancro) á proximidade a emisores de alta tensión e das antenas base de telefonía móbil non dá confianza, a falta de estudos (solicitados á Xunta de Galicia nas zonas poboadas onde se denunciaron clúster de enfermidades), tampouco pode dala. A veciñanza especialmente afectada pola exposición á contaminación electromagnética en Bértola, A Esculca e Salcedo, saben moito desto.

Só o cambio normativo dos límites de exposición en base aos efectos biolóxicos, a participación cidadá na localización das infraestruturas emisoras de campos electromagnéticos (como a proposta pola veciñanza en Bértola) e o control continuo e global das súas emisións poden dar tranquilidade e seguridade á cidadanía.

A APDR, participando na **Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM)**, estivo presente o derradeiro [3 de outubro no Parlamento Europeo en Bruxelas](#), xunto con asociacións cidadás de diversos estados europeos, presentando no ámbito parlamentar unha proposta de [Iniciativa Cidadá Europea](#) para que se regulen normas de exposición aos campos electromagnéticos en base a criterios de saúde e o Principio de Precaución xa demandados na [Resolución 1815 da AP do Consello de Europa](#) e actualmente esquecidos pola presión dos “lobbys” das compañías eléctricas e as teleoperadoras.



Grazas benqueridas e benqueridos de Bértola por manifestar a vosa preocupación e defender os vosos dereitos, que son a nosa preocupación e os dereitos de todas e todos.

Pontevedra 17 de outubro de 2013

Asinado: Xulio Carmona, vocal da xunta directiva da APDR e asesor de contaminación electromagnética da Federación Ecoloxista Galega